


# Redes líricas



**Déborah González**

**Universidade de Santiago de Compostela**

Ref. CNS2022-136047, MICIU-AEI, NextGenerationEU

A tecnoloxía ten transformado e condicionado o modo en que a sociedade procura e accede á información. No ámbito específico da investigación ten facilitado a apertura de novas vías para a exploración, a análise e a divulgación de resultados. Así mesmo, dinamiza a execución de proxectos de marcado carácter interdisciplinario.

*Redes socioculturais da lírica galego-portuguesa* é unha aplicación derivada da nosa actividade investigadora na USC. Pode consultarse en acceso aberto en <https://redesliricas.usc.gal/>

Esta ferramenta dixital acolle datos de carácter interdisciplinario (biográficos, históricos, textuais e literarios) relativos á lírica galego-portuguesa e aos seus autores. Entre os obxectivos, sobresa a pretensión de facilitar e simplificar a percepción das múltiples conexións entre trovadores mediante a representación da información en gráficos dinámicos. Así pois, perséguese fixar o deseño dunha rede global e tamén o diagrama dos vínculos de cada un dos autores do corpus.

Para a constitución das redes sociais estamos a proceder en fases sucesivas. A análise de distintas categorías de relación entre autores e a incorporación progresiva das informacións permitirán acadar unha perspectiva máis nítida, completa e complexa dos distintos tipos de ligazón que se deron na escola lírica galego-portuguesa.

Nunha primeira etapa, atendeuse ás tenzóns (ref. ED4311 2020/12, Xunta de Galicia), xa que estas son cantigas dialogadas entre dous autores e, consecuentemente, testemuñan contactos directos entre individuos cun alto grao de fiabilidade.

Na fase actual da investigación (ref. CNS2022-136047, MICIU – AEI, NextGenerationEU), contemplamos como novas categorías de relación outro tipo de diálogos entre autores, así como os ciclos literarios satíricos, o que se traduce nunha ampliación substancial do corpus, coa consecuente multiplicación das conexións que deben ser analizadas e representadas.

**Pedr'Amigo de Sevilla**

Información xeral

CATEGORÍA	PERÍODO DE ACTIVIDADE
Xograr	Século XIII (c. 2ª metade)
ORIXE	PERÍODO DE DOCUMENTACIÓN
Incerta	-
CONDICIÓN SOCIOPROFESIONAL	
Descoñecida	
CORTE LITERARIA	
• Corte de Rodrigo Gómez de Trastámara	
• Corte de Alfonso X	
CICLOS LITERARIOS	
• Lourenço	

A inclusión de novas categorías repercute nunha maior complexidade conceptual. Isto obriga a un exercicio de reflexión sobre as características técnicas da aplicación tanto presentes como futuras. Conclúese a necesidade de avanzar cara a novas posibilidades na visualización dos datos textuais e gráficos, coa finalidade última de optimizar os resultados e as prestacións da propia aplicación.

